



COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

CIRCULAR Nº 4/2020

Asunto: **Novo regulamento do Comité Galego de Xuíces**

A Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces reunida en Ourense o 13 de Xaneiro de 2019 aprobou o novo regulamento do Comité Galego de Xuíces tras a sua adaptación aos novos estatutos de FGA, o que se trasladou á Comisión Delegada para o seu estudo e aprobación.

A Comisión Delegada da Federación Galega de Atletismo aprobou o dito regulamento o 4 de Febreiro de 2019.

Unha vez en vigor os novos estatutos da FGA nos que se basea dito regulamento comunícase, para xeral coñecemento, a publicación e entrada en vigor de maneira inmediata do mesmo, o cal se adxunta a esta circular.

A Coruña, 11 de xullo de 2020

Vº Bº

O SECRETARIO XERAL DA FGA

Asdo./ Carlos Castro Vicente
(no orixinal)

PRESIDENTE DO C.G.X.

Asdo./ Eloy Bretal Cancelas
(no orixinal)



REGULAMENTO DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES DE ATLETISMO

CAPÍTULO I

CONSTITUCIÓN, OBXECTO E DOMICILIO

Art. 1º.- Con arranxo ao que dispoñen os Estatutos da Federación Galega de Atletismo, constitúese o Comité Galego de Xuíces como órgano de funcionamento da mesma.

Art. 2º.- O Comité Galego de Xuíces ten como obxecto velar pola observancia do Regulamento Internacional de Atletismo, apreciación correcta dos resultados das competicións oficiais, interpretación e aplicación uniforme do dito Regulamento, dos propios da Federación Galega de Atletismo, Real Federación Española de Atletismo e dos particulares das competicións oficiais en toda a Comunidade Autónoma e regulación dos dereitos e obrigas dos xuíces.

Art. 3º.- O domicilio do Comité Galego de Xuíces será o mesmo que o da Federación Galega de Atletismo.

CAPÍTULO II

FUNCIÓNS DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

Art. 4º.- Son funcións do Comité Galego de Xuíces:

- a. Facer cumprir o Regulamento Internacional de Atletismo e informar a todos os seus membros, así como aos demais estamentos da Federación Galega de Atletismo, de cantas modificacións sexan introducidas no mesmo e dos criterios uniformes da súa interpretación.
- b. Facer cumprir os regulamentos propios da Federación Galega de Atletismo e da Real Federación Española de Atletismo e informar a todos os seus membros, así como aos demais estamentos da FGA, de cantas modificacións sexan introducidas no mesmo e dos criterios uniformes da súa interpretación.
- c. Revisar e dar o visto e prace aos resultados oficiais das competicións, propoñendo a rectificación dos erros que se detecten neles (tanto de mecanografado como de aplicación do regulamento).
- d. Promover, dirixir e establecer a formación de xuíces autonómicos e xuíces RFEA Nivel I ou equivalentes, xuíces de Marcha, xuíces de Dirección Técnica, xuíces de Saídas, xuíces de Medios Electrónicos e Foto-Finish e outras especialidades a nivel autonómico, programando os plans de perfeccionamento dos mesmos.
- e. Promover e facilitar a promoción dos xuíces autonómicos, xuíces Nivel I e xuíces Nivel II ou equivalentes de cara ao ascenso a niveis superiores facilitándolles docentes adecuados para a realización dos cursos cando así o soliciten.



REGULAMENTO DO COMITE GALEGO DE XUICES DE ATLETISMO

- f. Organizar e dirixir cursos de actualización, seminarios, coloquios e publicacións didácticas ao obxecto de unificar os criterios de aplicación do Regulamento Internacional e dos regulamentos da Real Federación Española de Atletismo e da Federación Galega de Atletismo.
- g. Nomear e levar un rexistro actualizado dos xurados das competicións das respectivas delegacións da Federación Galega de Atletismo.
- h. Designar aos xuíces que actuarán como Xuíz Árbitro, Director de Reunión, Director Técnico, xuíces Xefe de Marcha, xuíces de Marcha, Coordinadores de Saídas, xuíces de Medios Científicos, xuíces Xefe de Foto Finish, Xurado de Apelación e aqueles outros que se consideren necesarios para o bo desenvolvemento das probas en todas as competicións oficiais de ámbito autonómico e nas de ámbito estatal que pola súa categoría o requiran.
- i. Exercer, a través dos xuíces, a potestade disciplinaria deportiva no desenvolvemento de cada competición.
- j. Solicitar dos xuíces os informes que correspondan, especialmente os derivados das actuacións dos postos de Xuíz Árbitro, Director Técnico, Xuíz Xefe de Marcha, Xuíz Xefe de Transpondedor, Coordinador de Saídas, Xuíz de Medios Científicos ou Xuíz Xefe de Foto Finish, establecendo os modelos oficiais para os mesmos.
- k. Recompilar toda a documentación necesaria para a homologación das marcas nos casos onde sexa requerido.
- l. Propoñer ao Comité Nacional de Jueces da Real Federación Española de Atletismo xuíces para participar nas actividades organizadas polo mesmo, se así fose requerido.
- m. Propoñer á Federación Galega de Atletismo ou á Real Federación Española de Atletismo os nomes daqueles xuíces que pola súa traxectoria son meritorios de distincións conforme ás normas vixentes da Federación Galega de Atletismo ou da Real Federación Española de Atletismo.
- n. Informar á Xunta Directiva da Federación Galega de Atletismo de todos os seus acordos.
- o. Propoñer á Xunta Directiva da Federación Galega de Atletismo as normativas que regularán os dereitos e obrigas dos membros do Estamento de xuíces.
- p. Aquelas outras funcións que lles sexan encomendadas.

CAPÍTULO III

COMPOSICIÓN DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

Art. 5º.- Compoñerán o Comité Galego todos os xuíces con licenza tramitada pola Federación Galega de Atletismo.

Para o seu funcionamento, o Comité Galego de Xuíces terá unha Xunta Directiva composta por os seguintes órganos de goberno:



REGULAMENTO DO COMITE GALEGO DE XUICES DE ATLETISMO

- Un **presidente**, que será nomeado polo presidente da Federación Galega de Atletismo.
- Unha **Xunta Directiva**, composta por:
 - O **presidente** do Comité Galego de Xuíces.
 - A xuízo do presidente este pode nomear un **vicepresidente**.
 - Un **secretario**, que será o secretario xeral da Federación Galega de Atletismo. A xuízo do presidente, este pode propor ao secretario xeral que delegue as súas funcións noutro membro do Comité Galego de Xuíces. No caso de que o secretario sexa o secretario xeral da Federación Galega de Atletismo como secretario nato, non terá dereito a voto nas reunións da Xunta Directiva.
 - Un número de **vogais** a determinar, nomeados polo presidente.

Para o funcionamento ordinario, o presidente poderá constituír os seguintes **órganos de funcionamento**:

- A **Executiva** do Comité Galego de Xuíces, que estará formada polo presidente, vicepresidente (se está nomeado) e secretario (se foi nomeado polo presidente).
- A **Comisión de Réxime Interno**, nomeada pola Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces. Esta Comisión estará formada polo presidente do CGX, 2 membros da Xunta Directiva e un membro reserva. O secretario do CGX exercerá de secretario da dita Comisión con voz pero sen voto.

Se os anteriores órganos de funcionamento non están constituídos, as súas funcións serán exercidas pola Xunta Directiva ou polos membros en que esta delegue.

CAPÍTULO IV

DO PRESIDENTE

Art. 6º.- O **PRESIDENTE** do Comité Galego de Xuíces terá as seguintes funcións e atribucións:

- a. Representar ao Comité Galego de Xuíces.



REGULAMENTO DO COMITE GALEGO DE XUICES DE ATLETISMO

- b. Convocar e presidir as reunións dos órganos de goberno e funcionamento do Comité.
- c. Exercer o voto de calidade en caso de empate.
- d. Nomear e cesar aos membros da Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces.
- e. Delegar funcións noutros membros do Comité.
- f. Coordinar e estimular toda a actividade, asinando as propostas, nomeamentos, circulares, escritos e calquera documentación que sexa xerada dentro do funcionamento do Comité.
- g. Convocar ás reunións da Xunta Directiva, con voz pero sen voto, a aqueles xuíces dos que o seu informe poida ser necesario en relación con temas a tratar na Orde do día.
- h. Aquelas outras atribucións que lle poidan corresponder polo seu cargo.

CAPÍTULO V

DO VICEPRESIDENTE E SECRETARIO

Art. 7º.- Son funcións do **VICEPRESIDENTE** do Comité Galego de Xuíces, se está nomeado:

- a. Representar o Comité Galego de Xuíces naqueles actos nos que o presidente non poida asistir.
- b. Exercer as funcións do presidente no caso de que este non poida exercelas temporalmente.
- c. Desenvolver as funcións que o presidente lle encomende.
- d. Informar das súas xestións ao presidente.
- e. Facer propostas para o mellor funcionamento do Comité Galego de Xuíces.

Art. 8º.- Son funcións do **SECRETARIO** do Comité Galego de Xuíces:

- a. Xestionar toda a documentación física e electrónica do Comité, mantendo actualizada a base de datos que almacena a devandita información.
- b. Manter actualizada a relación de xuíces con licenza renovada, publicando ao finalizar o prazo de renovacións de licenzas a lista de xuíces actualizada na páxina web do Comité tras obter os datos do departamento de licenzas da FGA.
- c. Emitir os informes que lle sexan solicitados.
- d. Redactar a Memoria Anual publicala na páxina web do Comité Galego de Xuíces.
- e. Confeccionar e publicar na páxina web do Comité, ou outros medios electrónicos apropiados, -as circulares xeradas.
- f. Materializar os nomeamentos de xuíces para as competicións oficiais, así como almacenar e trasladar os informes dos mesmos ao presidente e vogais respectivos.



REGULAMENTO DO COMITE GALEGO DE XUICES DE ATLETISMO

- g. Redactar a acta das reunións do Comité, publicar a mesma na páxina web do Comité e remitir copia dixital aos compoñentes da Xunta Directiva do Comité.
- h. Remitir aos membros do Comité Galego de Xuíces tanta información se reciba para o bo desenvolvemento das súas funcións.
- i. Responsabilizarse da loxística do Comité Galego de Xuíces.
- j. Aquelas outras funcións que lle sexan encomendadas.

DOS VOGAIS

Art. 9º.-Os vogais poderán ser de dous tipos:

- Vogal delegado de xuíces.
- Vogal asesor.

Art. 10º.- Son funcións dos **VOGAIS DELEGADOS DE XUÍCES**:

- a. Exercer a representación do Comité no ámbito da súa delegación.
- b. Convocar aos xuíces para as probas no ámbito da súa delegación.
- c. Decidir o número de xuíces necesarios para as probas do ámbito da súa delegación, solicitando xuíces doutras delegacións ao Comité (ou á persoa designada para a devandita tarefa) en caso necesario.
- d. Efectuar os nomeamentos de xuíces en postos directivos ou especialistas nas probas en que o Comité Galego de Xuíces delegue esta función nas delegacións.
- e. Reunir, supervisar, aprobar e remitir ao Comité os xurados das probas efectuadas na súa delegación.
- f. Coordinar os desprazamentos de xuíces para probas doutras delegacións, decidindo que xuíces acoden en base aos criterios marcados polo Comité.
- g. Levar un rexistro das actuacións dos xuíces na súa delegación, mantendo informado ao Comité das mesmas.
- h. Transmitir aos xuíces da súa delegación toda a comunicación recibida por parte do Comité.
- i. Desenvolver as funcións que o presidente lles encomende.
- j. Presentar os informes das súas xestións ao presidente.
- k. Facer propostas para o mellor funcionamento do Comité Galego de Xuíces e transmitir as propostas dos xuíces da súa delegación.

Art. 11º.- Son funcións dos **VOGAIS ASESORES**:

- a. Asesorar ao presidente e á Xunta Directiva en todos aqueles aspectos técnicos e regulamentarios nos que teñan especial coñecemento.

REGULAMENTO DO COMITÉ GALEGO DE XUICES DE ATLETISMO

- b. Propor, se procede, a creación dun panel de especialistas de ámbito autonómico no ámbito da súa especialidade.
- c. Decidir a composición do dito panel, mantendo actualizado o mesmo periodicamente en base á evolución técnica dos compoñentes do mesmo.
- d. Promover e coordinar, se procede, a organización de cursos no ámbito da súa especialidade.
- e. Informar ao presidente e á Xunta Directiva da necesidade de cursos de ámbitos superiores no ámbito da súa especialidade.
- f. Responsabilizarse da recepción e revisión dos informes dos xuíces no ámbito da súa especialidade, realizando un informe anual cos aspectos máis importantes emanados dos mesmos.
- g. Propor ao Comité o nomeamento de xuíces nos postos especialistas, no ámbito da súa especialidade, para as diferentes competicións de ámbito autonómico e de ámbito superior nos que o Comité teña delegado o nomeamento dos devanditos postos.
- h. Desenvolver as funcións que o presidente lles encomende.
- i. Informar de todas as súas xestións ao presidente.
- j. Facer propostas para o mellor funcionamento do Comité Galego de Xuíces

DA XUNTA DIRECTIVA DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

Art. 12º.-A Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces é o órgano colexiado de xestión do Comité Galego de Xuíces, sendo os seus membros designados e revogados libremente polo presidente do Comité Galego de Xuíces, quen a presidirá.

Art. 13º.-Todos os membros da Xunta Directiva, salvo o secretario se este coincide co secretario xeral da Federación Galega de Atletismo, terán voz e voto nas reunións da mesma. No caso de que unha mesma persoa asuma varias funcións, so terá dereito a un voto.

Art. 14º.-É competencia da XUNTA DIRECTIVA DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES:

- a. Asesorar e emitir opinións a proposta do presidente do Comité Galego de Xuíces.
- b. Supervisar e marcar directrices aos membros da Executiva nas súas tarefas.
- c. Aprobar ou modificar o Regulamento do Comité Galego de Xuíces.
- d. Aprobar normativas e regulamentos do Comité Galego de Xuíces.
- e. Elaborar e aprobar o presuposto do Comité Galego de Xuíces.
- f. Publicar directrices de cara á unificación de criterios de actuacións dos xuíces pertencentes ao Comité Galego de Xuíces.
- g. Aprobar aquelas accións necesarias para garantir que os xuíces cumpren os regulamentos e normas emanadas polo Comité.
- h. Propor á Federación Galega de Atletismo xuíces para ser distinguidos en base á normativa de distincións vixentes.

REGULAMENTO DO COMITE GALEGO DE XUICES DE ATLETISMO

- i. Organizar o exame de acceso á categoría de xuíz autonómico e nomear o xuíz examinador.
- j. Aprobar cursos e outras actividades formativas organizadas polo Comité.
- k. Aprobar a solicitude de cursos de formación ao Comité Nacional de Jueces.
- l. Aprobar a solicitude de sedes de exame de ascenso ao Comité Nacional de Jueces.
- m. Aprobar a composición dos paneis autonómicos tras proposta dos vogais asesores correspondentes.
- n. Nomear xuíces acompañantes da Selección Galega.
- o. Calquera outra función que lle sexa encomendada.

Art. 15°.-Os membros da Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces teñen a obriga de manter o segredo das deliberacións e votacións. A dita obriga perdurará despois de cesar no seu cargo. O incumprimento poderá ser obxecto de sancións polos órganos superiores competentes.

Art. 16°.-No caso de que o presidente non poida asistir á reunión da Xunta Directiva, esta será presidida polo vicepresidente.

Art. 17°.-Poderán asistir ás reunións da Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces, se son chamados polo seu presidente, con voz pero sen voto, aquelas persoas que o seu informe poida resultar conveniente en relación co punto ou puntos determinados da Orde do Día.

Art. 18 °.-A Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces reunirse:

- Despois do nomeamento do/a presidente/a por parte do presidente da Federación Galega de Atletismo, e unha vez designados/as por este os membros da mesma, de cara á toma de posesión dos respectivos cargos.
- Unha vez ao ano, en data a fixar polo presidente.
- Tantas veces como proceda a petición do presidente ou a proposta de, polo menos, a metade máis un dos seus membros.

A convocatoria, que corresponde ao presidente, deberá ser notificada aos seus membros polo menos, con 7 días naturais de antelación, salvo casos de urxencia, acompañando a Orde do Día. As sesións convocadas en caso de urxencia serán sempre notificadas, polo menos, con 48 horas de antelación, salvo que concorran todos os membros e acepten unha convocatoria con menos antelación por unanimidade.

Art. 19 °.- A Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces poderá ser convocada polo presidente para constituírse e adoptar acordos por medios electrónicos considerándose como tales tamén os telefónicos ou audiovisuais sempre que aseguren a identidade dos intervintes, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen e a intercomunicación entre eles en tempo real.



REGULAMENTO DO COMITE GALEGO DE XUICES DE ATLETISMO

Entre outros considéranse incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Na acta da reunión telemática ou electrónica considerarase como data e hora de adopción de acordos as que figuren como data e hora de peche de votación.

Art. 20 °.- Os acordos da Xunta Directiva serán adoptados, como regra xeral, por maioría simple exercendo o presidente o voto de calidade en caso de empate.

Art. 21 °.- De todos os acordos da Xunta Directiva do Comité, o secretario redactará a acta, especificando o resultado da votación e, no seu caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado e cantas circunstancias se consideren oportunas.

Os votos contrarios ao acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán das responsabilidades que puidesen derivarse, no seu caso, dos acordos da Xunta Directiva. Todos os acordos da Xunta Directiva do Comité serán públicos, salvo cando os membros da Xunta Directiva decidan, excepcionalmente, o contrario por unha maioría de tres cuartas partes dos seus membros.

CAPÍTULO VI

DA EXECUTIVA DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

Art. 22°.- A Executiva do Comité Galego de Xuíces, se está formada, é o órgano de funcionamento ordinario do Comité Galego de Xuíces, sendo os seus membros o presidente, vicepresidente (se está nomeado) e secretario (se foi nomeado polo presidente).

Art. 23°.- Os membros da Executiva do Comité Galego de Xuíces teñen a obriga de cumprir as directrices marcadas pola Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces e non poder executar accións que contradigan acordos tomados pola Xunta Directiva.

Art. 24°.- É competencia da EXECUTIVA do Comité Galego de Xuíces:

- a. Xestionar as contas de correo electrónico oficiais do Comité e garantir a constante comunicación do Comité cos xuíces membros do mesmo.
- b. Manter un contacto permanente co presidente da Federación Galega de Atletismo e a oficina da Federación Galega de Atletismo para garantir o correcto funcionamento diario do Comité, especialmente no tocante a consultar a viabilidade de realizar novas probas, horarios, etc.
- c. Efectuar todas as comunicacións e relacións externas do Comité con instancias superiores ou con outros órganos que se poñan en contacto co mesmo.



REGULAMENTO DO COMITÉ GALEGO DE XUICES DE ATLETISMO

- d. Efectuar, comunicar e publicar as designacións de Xuíz Árbitro, Xurado de Apelación, Director de Reunión, Director Técnico nas competicións nos que o Comité teña delegada esta competencia, seguindo os criterios marcados pola Xunta Directiva.
- e. Efectuar, comunicar e publicar as designacións de postos especialistas nas competicións nos que o Comité teña delegada esta competencia, seguindo os criterios dos vogais asesores correspondentes.
- f. Confeccionar o xurado completo das competicións de alto nivel celebradas en Galicia nas que o Comité teña competencias para a elaboración do mesmo, así como o manual de xuíces de ser preciso.
- g. Recibir de forma electrónica os xurados e informes das diferentes competicións.
- h. Manter actualizada a páxina web do Comité e as redes sociais do mesmo, así como calquera medio electrónico que poida xurdir no futuro que axude na difusión das actividades do Comité.
- i. Coordinar os desprazamentos de xuíces entre delegacións, recollendo as necesidades e priorizando as mesmas en base aos niveis das competicións.
- j. Autorizar a actuación en Galicia de xuíces de fóra da comunidade, previa solicitude dos mesmos, seguindo os protocolos marcados por instancias superiores.
- k. Confeccionar borradores de informes e propostas de regulamentos ou normativas para a súa aprobación pola Xunta Directiva.
- l. Calquera outra tarefa encomendada pola Xunta Directiva do Comité.

DA COMISIÓN DE RÉXIME INTERNO DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

Art. 22°.- A Comisión de Réxime Interno do Comité Galego de Xuíces, se está formada, é o órgano que decidirá e aplicará as medidas propostas no Regulamento Interno do Comité Galego de Xuíces.

Art. 23°.- A Comisión de Réxime Interno estará composta por:

- O Presidente do Comité Galego de Xuíces.
- 2 vogais elixidos entre os vogais da Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces.
- 1 vogal reserva elixido entre os vogais da Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces.
- 1 secretario que será o Secretario do Comité Galego de Xuíces, se este foi nomeado polo Presidente.

Art. 24°.- A Comisión de Réxime Interno reunirse sempre que sexa necesario aplicar o Regulamento Interno, a petición do Presidente ou de calquera membro da Xunta Directiva do Comité. Todos os membros titulares da Comisión de Réxime interno teñen que estar presente nas reunións para que esta poda constituírse.

REGULAMENTO DO COMITE GALEGO DE XUICES DE ATLETISMO

Art. 25°.- Todos os membros terán voz e voto nas reunións da Comisión de Réxime Interno, agás o Secretario. Se o vogal coincide cun vogal delegado de xuíces e o tema a tratar implica a algún xuíz da súa delegación, este deberá inhibirse e o vogal reserva pasará a formar parte da Comisión de Réxime Interno para tratar devandito tema.

Art. 26°.- A Comisión de Réxime Interno poderá ser convocada polo presidente para constituírse e adoptar acordos por medios electrónicos considerándose como tales tamén os telefónicos ou audiovisuais sempre que aseguren a identidade dos intervinentes, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen e a intercomunicación entre eles en tempo real.

Entre outros considéranse incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Art. 27°.- Os acordos da Comisión de Réxime Interno serán adoptados, como regra xeral, por maioría simple exercendo o presidente o voto de calidade en caso de empate.

Art. 28°.- O Secretario da Comisión redactará as resolucións da Comisión de Réxime Interno e enviará as mesmas aos implicados.

CAPÍTULO VII

DOS XUÍCES E AS SÚAS CATEGORÍAS

Art. 29°.- XUÍCES AUTONÓMICOS: Compórán esta categoría os xuíces maiores de 16 anos que dependan directamente do Comité Galego e que superen os niveis de formación que o Comité Galego de Xuíces estableza. A información de cada xuíz autonómico obrará en poder da Federación Galega, onde se rexistrará a súa antigüidade, actividade e renovacións da licenza.

Tamén formarán parte do Comité Galego os XUÍCES RFEA NIVEL I, RFEA NIVEL II e RFEA NIVEL III (ou categorías equivalentes segundo criterio da Real Federación Española de Atletismo) que teñan tramitada a súa licenza na Federación Galega.

CAPÍTULO VIII

DAS INCOMPATIBILIDADES

Art. 30°.- Os xuíces que posúan licenza de atleta ou adestrador estarán habilitados para formar parte dos xurados de control en todas as competicións autonómicas.



REGULAMENTO DO COMITE GALEGO DE XUICES DE ATLETISMO

Os xuíces que sexan directivos de clubs e posúan licenza en vigor como xuíces, non poderán actuar nos xurados que controlen competicións nas que participen as súas correspondentes entidades atléticas como tales.

CAPÍTULO IX

DAS LICENZAS DOS XUÍCES

Art. 31°.- Os xuíces integraranse, a petición propia, na FGA, a través da delegación que o propio xuíz considere oportuno.

Art. 32°.- O período para a renovación da licenza anual será o que determine o Regulamento de licenzas da Federación Galega de Atletismo.

Art. 33°.- Os xuíces autonómicos terán unha licenza tramitada integramente na Federación Galega de Atletismo.

Art. 34°.- Aqueles xuíces autonómicos que, tras un período de inactividade de máis dunha tempada por causas imputables a eles mesmos, desexen renovar a licenza, deberán realizar as probas de reciclaxe que se determinen para acadar a concesión da mesma.

Art. 35°.- Aqueles xuíces con licenza nacional que decidan non renovar a dita licenza, poderán seguir formando parte do Comité Galego de Xuíces como xuíces autonómicos se renovan a licenza autonómica conforme determine o Regulamento de licenzas da Federación Galega de Atletismo.

Art. 36°.- O límite de idade será o fixado polo Regulamento de licenzas da Federación Galega de Atletismo. Unha vez que un xuíz cumpre esa idade, non poderá renovar a súa licenza na tempada seguinte.

CAPÍTULO X

UNIFORMIDADE DOS XUÍCES

Art. 37°.- Os xuíces están obrigados en competicións oficiais ou en probas autorizadas pola Federación Galega de Atletismo, a utilizar o uniforme oficial que no seu momento se estableza. Así mesmo estará prohibido a utilización da dita uniformidade fóra das competicións oficiais ou probas non autorizadas ou en actos públicos onde non se represente ao Comité Galego de Xuíces.



REGULAMENTO DO COMITE GALEGO DE XUICES DE ATLETISMO

CAPÍTULO XI

MOBILIDADE DOS XUÍCES

Art. 38°.- Ningún xuíz poderá actuar nunha delegación diferente á que lle corresponde sen coñecemento e autorización do presidente, salvo designación oficial do Comité.

Art. 39°.- Todo xuíz do Comité Galego de Xuíces que, por causas xustificadas, desexe actuar esporádica ou temporalmente noutra delegación diferente á que está adscrito deberá comunicar a dita circunstancia ao seu vogal delegado de xuíces para que este informe ao presidente do Comité para que o autorice.

CAPÍTULO XII

CUMPRIMENTO DAS NORMAS

Art. 40°.- Os xuíces do Comité Galego de Xuíces, polo feito de tramitar voluntariamente a licenza, están obrigados a aceptar e cumprir as directrices emanadas do Comité Galego de Xuíces e aceptar e cumprir este Regulamento e os regulamentos e normativas da Federación Galega de Atletismo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Toda referencia nos regulamentos e circulares do Comité Galego de Xuíces á Comisión Permanente, será substituída pola Comisión de Réxime Interno. Así mesmo, a composición da Comisión de Réxime Interno será a mesma que a da Comisión Permanente, establecida na circular correspondente, ata que a primeira reunión da Xunta Directiva que se celebre tras a aprobación dos estatutos decida a composición definitiva da Comisión de Réxime Interno.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Tras a entrada en vigor do presente Regulamento do Comité Galego de Xuíces, quedan derogados todos os regulamentos, normativas e circulares do Comité Galego de Xuíces que se opoñan ao presente Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento do Comité Galego de Xuíces entrará en vigor tras a súa aprobación pola Comisión Delegada da Federación Galega de Atletismo de acordo co Artigo 52 dos Estatutos da Federación Galega de Atletismo.